

# *Neovison vison* (Schreber, 1777)



## Lugar de procedencia

Maior parte de Norteamérica dende rexións limítrofes da tundra (Canadá y Estados Unidos)

## Hábitat en área de introducción

Especie semi-acuática que habita en medios acuáticos como lagoas, ríos, marismas e outros hábitats ribereños, utiliza como puntos de encame: cavidades, troncos huecos, vexetación arbustiva ou raíces.

Normativa Nacional: Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras



Visón americano



Visón americano



Visó americá



Bisoi amerikarra

Reino: Animalia

Filo: Chordata

Clase: Mammalia

Orden: Carnivora

Familia : Mustelidae

Género: *Neovison*

## Biología

Gran capacidade de adaptación ao medio en parte grazas a súa alimentación. Carnívoro semiacuático de pequeno tamaño (40-60 cm de largo sen cola) presente en hábitats tanto dulceacuícolas como mariños. Depredador xeralista e oportunista, cunha dieta variada que inclúe cangrexos de río, peixes, micromamíferos, anfibios, reptís e aves. Dimorfismo sexual (machos de maior tamaño). Xestión de 40 a 50 días cun tamaño de camada de 5-6 crías como media, en zonas de expansión pode ser de máis de 8 crías que alcanzan a madurez sexual ós 9-10 meses. Cambio da pelaxe 2 veces ao ano.

## Campus de Vigo

Aparición esporádica.

## Introducción

Introducida con fins de aproveitamento peleteiro. Presente dende finais dos anos 50, con poboacións asilvestradas dende 1980. Núcleos orixinados a partir de escapes e soltas intencionadas.